



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Galicia Como Destino Turístico		Código	662G01040
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Profesorado			Correo electrónico	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende profundizar no coñecemento dos principais bens turísticos galegos en todos os ámbitos: natural, cultural e de servizos. A súa correcta clasificación, descrición, análise e estudo serán obxectivos fundamentais a alcanzar polo alumnado.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A25	Comprender un plan público e as oportunidades que se derivan para o sector privado.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
A28	Coñecer os obxectivos, a estratexia e os instrumentos públicos da planificación.
A33	Creatividade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Coñecer os principais bens turísticos da comunidade galega	A8 A18 A27	B1 B6	C1 C6 C7
Recoñecer os principais estilos e tipoloxías artísticas e os exemplos máis singulares presentes no territorio de estudo	A8 A18 A23 A33	B1 B4	C1 C2 C3 C6 C7 C8
Analizar as debilidades e potencialidades de Galicia como destino turístico	A8 A18 A23 A25 A27 A28 A33	B1 B2 B3 B4 B6 B7	C1 C4 C7 C8
Estudar, a través dun contacto directo, a historia, xeografía e os principais xeodestinos turísticos da comunidade Galega	A8 A13 A18 A23 A25 A27	B1 B4 B6 B7	C1 C2 C6 C7 C8
Ser quen de explicar a unha audiencia os principais recursos turísticos de Galicia	A8 A13 A18	B1 B2 B3 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5
Saber deseñar un itinerario por Galicia que comprenda un número importante dos recursos estudados	A8 A18 A23 A27 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á materia.	1.1 Características xerais e breve historia de Galicia. 1.2 Características xeográficas de Galicia: situación, principais trazos físicos. Galicia na Península Ibérica.
2. Historia de Galicia	2.1. Principales hechos históricos
3. Principales recursos do patrimonio arquitectónico galego.	3.1. Percorrido polos diferentes estilos artísticos. 3.2. Principais tipoloxías: Mosteiros, catedrais, igrexas, castelos, pazos e outros edificios civís relevantes.
4. A gastronomía.	4.1 Os viños. 4.2 Principais aspectos da cociña e da viticultura de Galicia. 4.3 Festas gastronómicas.



5. Principais recursos do patrimonio inmaterial galego.	5.1 A lingua. 5.2. O Folclore. 5.3. Festas, lendas, crenzas. 5.4. Outro patrimonio etnográfico. Artesanía e oficios populares
6. O Camiño de Santiago.	6.1 O Camiño francés. 6.2 Outros tramos galegos dos Camiños de Santiago.
7. Elementos principais dos Museos e Centros de Interpretación de Galicia.	7.1. Principais museos e tipoloxías. 7.2. Centros de IP. 7.3. Outros equipamentos
8. O Camiño de Santiago.	8.1. O Camiño Francés. 8.2. Outros tramos do Camiño en Galicia.
9.a Paisaxe e áreas naturais no litoral. 9.b Paisaxe e áreas naturais de interior.	9.a.1 Rías, illas e praias, zonas húmidas e areas, acantilados. 9 b.1 As montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas (Serras setentrionais, Dorsal galega, Penechaira galega, Depresión de Ourense, A Limia. Val de Monterrei. Val de Arnoia. Terras do Carballiño. Val do Ribeiro. Valdeorras. O chanzo de Santiago. Fosa Padrón-Tui. As bacías do Tambre e o Ulla. Serras meridionais).
10. As cidades galegas como focos de atención turística.	10.1. A Coruña 10.2. Lugo. 10.3. Ourense. 10.4. Pontevedra. 10.5. Vigo. 10.6. Santiago. 10.8. Ferrol. 10.9. Outras localidades: Muros, Noia, Monforte, Ribadavia, Sanxenxo, Allariz, Viveiro, Carballo, ...
11.O "Top Ten" galego. Produtos. Xeodestinos.	11.1. Descrición e análise.
12. Rutas senlleiras.	12.1. Ruta da camelia. 12.2. Outros camiños. 12.3 Rede de rutas.
13. Espazos naturais.	13.1 Os espazos protexidos de Galicia. 13.2 A Rede Natura.
14. A Administración turística.	14.1 Competencias da administración do Estado e da Xunta en materia turística. 14.2. A Administración turística en Galicia. Órganos e funcións.
15. Estratexias de promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.	15.1. Principais canais de promoción. 15.2. Principais canais de comercialización.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B5 B7	16	32	48
Estudo de casos	A13 A18 A23 A25 A27 B1 B4 B6 C1 C3	15	15	30
Presentación oral	A13 A18 A33 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C2 C7 C8	2	10	12
Proba mixta	A18 A23 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C4	2	2	4



Sesión maxistral	A18 A23 A25 A27 A28 C4 C5 C6	18	36	54
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	O alumnado poderá precisar atención personalizada na preparación das súas presentacións oráis.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B5 B7	As saídas de campo son de carácter obrigatorio e, en ocasións, requirirán preparación por parte do alumnado, segundo as indicacións dos profesores	10
Presentación oral	A13 A18 A33 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C2 C7 C8	As presentacións centraranse en temas propostos polos profesores a partir dos contidos da materia. Poden facerse no aula ou in situ, durante as saídas de campo	30
Proba mixta	A18 A23 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C4	Trátase dunha proba que pode combinar as preguntas discriminatorias, coas de desenvolvemento de temas.	60

Observacións avaliación



É unha obriga do alumnado asistir, como mínimo, ao 75% das clases. Aquelas persoas que non podan xustificar as faltas segundo o criterio do centro, terán que presentar o traballo oral igualmente e aprobalo pero non entrará no cómputo final. A materia, nestes casos, avaliarase a través dun examen de todos os contidos que computa o 100% da nota.

Ás persoas que, por unha causa xustificada, non podan asistir o día indicado para a súa presentación oral terán que acordar coa profesora outra data. De non asistir as saídas de campo, tamén por causas xustificadas, haberá que presentar un traballo escrito indicado pola profesora.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - BAS, B. (1983). As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia. Cadernos do Seminario de Sargadelos. Edicións do Castro, Sada (A Coruña) - CEGARRA, B. (1992). Guía da arte de Galicia. Ed. Galaxia, Vigo (agora publicado por provincias) - CEGARRA, B. (1992). Guía e rutas da arte. Épocas e estilos. Ed. Galaxia, Vigo - CALO LOURIDO et al (2005). Historia Xeral de Galicia. A Nosa Terra, Vigo, - CRIADO BOADO, F. (ed.) (2016). Atlas de Arqueología de Galicia. Eds. Xerais, Vigo - GIL, F.J. (2002). 50 rutas para conocer Galicia. Nigra Trea, Vigo - HERNÁNDEZ BORGE, J., DÍAZ FERNÁNDEZ, J.A (2000). O turismo en Galicia Potencialidades endóxenas e desenvolvemento urbano e económico. Servicio de publicacións Dip. de Ponteved - LOIS GONZÁLEZ, R e FORMIGO COUCEIRO, J. (2003). Galicia. Ed Everest, León - LOIS, R.C. e PINO, D. (Coords.) (2015). A Galicia urbana. Eds. Xerais, Vigo - LÓPEZ BERNÁRDEZ, C (2005). Breve historia da arte galega. Ed. Nigratreia, Vigo - LÓPEZ CARREIRA, A. (2013). Historia de Galicia. Eds. Xerais, Vigo - MARIÑO FERRO, X.R. (2000). Antropoloxía de Galicia. Edicións Xerais, Vigo - OTERO PEDRAYO, R. (1980). Guía de Galicia. Ed. Galaxia - PEMÓN, B. e DORNELO, X. (2000). Mitos, ritos y leyendas de Galicia. Martínez Roca, Barcelona - PRECEDO LEDO et al. (2002). Atlas de Galicia. Hércules de Ediciones, A Coruña - PRECEDO LEDO et al. (2001). Atlas de Galicia. Xunta de Galicia. Sociedade para o desenvolvemento Comarcal de Galicia, Santiago - SORALUCE BLOND, J.R. (1999). Guía da arquitectura galega. Ed. Galaxia, Vigo - VILLARES, R. (2004). Historia de Galicia. Ed Galaxia, Vigo - VV. AA. (2002). Guía de espacios naturales. Galicia.. Ed El País-Aguilar, Madrid <p>Iranse engandido referencias bibliográficas máis concretas ao longo da materia</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A asistencia a clase é imprescindible.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías